

MÉTODOS ANTICONCEPTIVOS

**ITS
(VI)**

Síntomas de ITS

- Cada ITS ten unhas características e uns síntomas, pero se aparece picor nos xenitais, dor ao urinar, úlceras, vesículas, verrugas nos xenitais, supuración pola uretra, ou se o fluxo vaxinal cambia de cor, olor ou cantidade, poderían ser síntomas de ITS.
- Tamén hai síntomas que aparecen noutras partes do corpo (ex. na sífilis, exantema cutáneo).
- Importante diagnóstico e tratamento precoz para evitar a transmisión e complicacións.

Como previr as ITS

- **Vía sexual:**
 - Postergando ou evitando as relacións sexuais.
 - Mantendo relacións sexuais seguras (bicos, caricias, xogos,...).
 - Limitando o número de parellas sexuais diminúe o risco.
 - Utilizando correctamente un preservativo en todas as relacións sexuais con penetración (vaxinal, anal ou oral).
- **Vía sanguínea:**
 - Evitando contacto co sangue.
 - Non compartindo maquinillas, cepillos de dentes, nin xiringas.
- **Embarazo/parto:**
 - Realizando controis durante o embarazo (proba do VIH, hepatite).
 - Non se aconsella a lactancia se unha muller está infectada por VIH.